- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 14/11/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/11/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña* CIF P3602900G a cantidade de 72.187,21 €, con destino ao financiamento do investimento “*Instalación da rede de pluviais, renovación do abastecemento e formigonado en cor da Travesía do Xaldeiro*”, (Expte. 2022068463) cun orzamento que importa 72.187,21 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2023	72.187,21	72.187,21	0,00	0,00
TOTAL	72.187,21	72.187,21	0,00	0,00



- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- No vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2023 mediante o documento RCFUT1 nº 202200237345 por importe de 72.187,21euros, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria que será, no seu caso 2023/942.9425.762.45
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de Moaña* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

5.32340.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL DE MARÍN” (Expte. 2022068636)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do



principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 14/11/2022 por rexistro WEB2022058352 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Marín* na que solicitaba con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 604.371,65 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mantemento e conservación das instalacións da piscina municipal de Marín*” (Expte. 2022068636), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	604.371,65	604.371,65	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así como, informe do redactor do proxecto relativo a normativa sectorial, aportando aos efectos a autorización da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación remitida inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/11/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/11/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- conceder ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 604.371,65 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mantemento e conservación das instalacións da piscina municipal de Marín*”, (Expte. 2022068636) cun orzamento polo mesmo importe quedando configura a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	604.371,65	604.371,65	0,00

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vindeiro exercicio, no que existirá crédito suficiente para facerlle fronte ao terse realizado no vixente, a previsión futura da retención de crédito mediante o oportuno documento contable, condicionado así o gasto á aprobación do seu correspondente orzamento.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de Marín* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

6.32341.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 12.31578 DO DÍA 08/04/2022, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OIA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023-LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2022”, (Expte.2022010764)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



En data 08/04/2022, mediante Acordo da Xunta de Goberno núm. 12.31578 concedeuse ao Concello de Oia para o investimento “*Mellora de camiños municipais 2022*”, polo procedemento de concorrencia non competitiva, a subvención polo importe que se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	77.963,07 €	77.963,07 €	
2023	----	-----	-----
Total	77.963,07 €	77.963,07 €	

- A concesión da subvención se fixo condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, xunto a necesidade de presentar unha declaración responsable perante Augas de Galicia, respecto a un proxecto de febreiro de 2022. Asemade o Concello postergou a aprobación do proxecto e a remisión da acta de trazado previo á obtención dos permisos anteriormente sinalados.
- Mediante rexistro web2022059411 de data 21/11/2022, o Concello manifesta que unha vez acadadas todas as autorizacións sectoriais arriba referidas, aprobado o proxecto, e sacada a súa execución a licitación, quedou deserta debido ao desfase de prezos dende o momento en que se confeccionou o proxecto reitor e o de presentación de ofertas polos licitadores. Emporiso se presenta un novo proxecto técnico que substitúe o que rexeu no seu momento a concesión suprimindo uns dos camiños que incluía o proxecto orixinal, concretamente o que se atopaba en Santa Comba (Loureza), así como a execución dunha rede de drenaxe nos camiños de Lourido (Mougás) e Fabacosa (Perdones), e que é o camiño nº 10, para obter en consecuencia un orzamento que poida ser ofertado.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 21/11/2022.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.



- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do Enxeñeiro de Cooperación, de data 21/11/2022, e a Xefa do Servizo de Cooperación de data 21/11/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da Intervención provincial, de data 25/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2022010764 constando en dito expediente o Acordo da Xunta de Goberno núm. 12.31578, do día 08/04/2022, polo que se concede ao *Concello de Oia*, CIF P3603600B, a cantidade de 77.963,07 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de Camiños Municipais*” (Expte. 2022010764).
- Dar por cumpridos os requisitos aos que se condicionou a concesión da subvención mediante a presentación das autorizacións sectoriais, aprobación do novo proxecto e a acta de trazado previo, procedéndose a súa incorporación ao expediente reitor.
- Manter os demais pronunciamentos do Acordo da Xunta de Goberno núm. 12.31578, do día 08/04/2022, que permanecerán invariables.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Oia*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



7.32342.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA SOBRÁN”, INCLUIDO NO PLAN CONCELLOS 2021, CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (Expte. 2021012334)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

Mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, núm.16.30575, de data 16/07/2021, concedeuse ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* no marco do Plan Concellos 2021, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 600.715,23 euros con destino ao financiamento do investimento “Renovación dos servizos e humanización da Rúa Sobrán” (Expte.2021012334), cun orzamento polo mesmo importe.

En datas 04/08/2022 WEB2022043601, 05/09/2022 WEB2022047972, 12/09/2022 WEB2022048999 e 26/09/2022 WEB2022052888, o *Concello de Vilagarcía de Arousa* presenta xustificación parcial do investimento (certificacións de obra 1, 2, 3, 4, 5, e 6); fiscalizada e conformada a proposta de aprobación da xustificación do gasto, pola Intervención Provincial, por importe total de 290.843,20 €.

Obra no expediente certificado da Secretaria do Concello do acordo, da Xunta de Goberno Local de data 27/09/2021, de adxudicación do contrato da obra por importe de 470.900,67 euros (IVE incluído) á empresa Montajes J.M. Iglesias, S.L., xerando unha baixa de adxudicación de 129.814,56 euros.

En data 02/11/2022, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación (WEB2022056046), instancia xenérica do Concello de Vilagarcía de Arousa no que adxunta o proxecto modificado do investimento “Renovación dos servizo e humanización da Rúa Sobrán” cun orzamento de execución por contrata de 720.851,70 euros (IVE incluído), certificado da Secretaria do Concello do acordo da Xunta de Goberno Local do día 24/10/2022 de aprobación do proxecto modificado, cun prezo de adxudicación (IVE incluído) de 565.075,65 euros, o que supoñe un incremento de 94.174,98 euros sobre o importe de adxudicación (IVE incluído) que asumirá o Concello. A dirección facultativa fai constar, no propio proxecto modificado, que as modificacións propostas



veñen determinadas por causas estritamente indispensables e sobrevidas, que afectan ao movemento de terras, rede de abastecemento, canalizacións antigas existentes, rede de telefonía e reforzo de canalizacións.

O proxecto modificado implica variación no importe do orzamento que pasa de 600.715,23 € a 720.851,70 €.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 20ª do Plan dos Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/11/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 18/11/2022, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 25/11/2022 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e de execución da obra “Renovación dos servizos e humanización da Rúa Sobrán” (Expte.:2021012334) cun orzamento por importe de 720.851,70 euros, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021, poida ser executado nos termos establecidos polo concello, quedando o cadro do financiamento da devandita obra tal e como se reflicte deseguido:

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, €
2021	720.851,70	600.715,23	120.136,47



- Asemade, conforme o acordo plenario núm. 4.7875 de 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), que aproba a prórroga do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado a 30/09/2023 e xustificado, na súa totalidade, a 31/10/2023. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.32343.- APROBACIÓN DE PRÓRROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REPARACIÓN DE CUBERTA E FACHADA NA ZONA DE AULAS DA ESCOLA DE CANTERÍA (CONCELLO POIO)”.
(Expte. 2021050993)

Resultando que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23/06/2022 acordou adxudicar á empresa *Covisan Norte S.L.* (CIF B70416011) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*”, por un importe de 348.455,80 €, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 05/08/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 05/12/2022.

Resultando.- Que con data 16/11/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista (WEB2022058774), solicitando ampliación do prazo de execución de UN MES E MEDIO, debido por unha banda ó retraso no subministro de materiais debido ó desabastecemento de materias primas que afectan ó sector da construción, e por outro, a inestabilidade atmosférica das últimas semanas con in-tensas choivas, que fixeron acumular retrasos na execución da fachada ó non poder aplicar o material de acabado do SATE e o inicio da execución da cuberta, para evitar danos no interior da edificación por posibles entradas de auga. Xunta coa solicitude datos de chuvia acumulada emitidos por meteogalicia, dende o 31/07/2022 ó 11/11/2022. A petición foi efectuada por Ana Belén Facal Couto (NIF 79319030B) en representación de COVISAM NORTE, S.L, con poder bastante.

Resultando.- Que Con data 21/11/2022 emitiu informe a directora de obra recollendo que dadas as razón expostas pola empresa adxudicataria e das que non son directamente responsables, e de acordo coa conxuntura actual do mercado, as características técnicas das obras e as condicións climatolóxicas das últimas semanas, xunto coas previsións climatolóxicas dos próximos días, considérase razoable a petición de ampliación de prazo ata o 20.01.2023 para a execución da obra, non implicando ningunha alteración no prezo do contrato



Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Vicesecretario da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa COVISAM NORTE, S.L., unha prórroga de UN MES E MEDIO na execución do contrato de obras “Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 20/01/2023.

9.32344.- AUTORIZAR A SUSPENSIÓN TOTAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS E NA E.P. 2404 ACCESO A CHENLO (CONCELLOS DE O PORRIÑO E GONDOMAR)”.
(Expte.2021033984)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/02/2022 acordou adxudicar procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., por un importe de 443.715,24 €, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.



Con data 07/04/2022 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 07/08/2022. Con data 8/04/2022 formalízase entre o contratista e a dirección de obra, acta de paralización parcial da obra recollendo as unidades de obra que quedan suspendidas.

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/09/2022 acordou aprobar o proxecto modificado da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)*”. Recolle o citado acordo que debido á suspensión parcial das obras motivada pola necesidade de redacción do proxecto modificado, o prazo de execución das unidades suspendidas non varía, sendo polo tanto o prazo de execución do proxecto modificado de CATRO (4) MESES, que contarán a partires da data de formalización do contrato modificado, considerando dende esa data reiniciada a execución das obras.

Con data 29/09/2022 formalizouse entre o contratista e a Deputación contrato modificado nº1, establecendo coma data para finalizar as unidade de obras suspendidas o día 29/01/2023.

Con data 11/11/2022 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de paralización das obras, debido a que non é posible realizar as obras polas inclemencias meteorolóxicas actuais. Recolle a acta que a porcentaxe de obra executada é de o 7,39 %, sendo o importe de obra executada de 35.130,26 €.

Coa acta de paralización xuntase anexo no que se recolle a medición das unidades de obra executada.

En informe emitido pola directora de obra na data 22/11/2022, recóllese o seguinte: “...As unidades que se atopan pendentes de executar se corresponden coas tarefas de fresado e pavimentación con formigón bituminoso, así como a sinalización horizontal e a instalación de barreira metálica de seguridade, unidades que se deberán executar unha vez estendida a capa de rodadura da plataforma da estrada. A pavimentación da estrada (unidade crítica para poder realizar a sinalización e instalación de barreiras de seguridade) non se debe realizar con choiva, pois isto afecta de maneira negativa ás condicións de acabado e á durabilidade do firme. As previsións meteorolóxicas dos días e semanas vindeiras auguran uns fenómenos meteorolóxicos adversos, correspondentes coa época do ano na que nos atopamos, polo que non é posible proceder á execución das capas de pavimento asfáltico...”

Resultando.- Que con data 24/11/2022 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, pode deducirse que as previsións meteorolóxicas dos días e semanas vindeiras que auguran uns fenómenos meteorolóxicos adversos, afectarían negativamente ás condicións de acabado e durabilidade das unidades que están pendente de executar son as relacionadas coa pavimentación da estrada (unidade crítica para poder realizar a sinalización e instalación de barreiras de seguridade), pois estas, non se deben de realizar con choiva. En base ó recollido polo director de obra na acta de paralización, parece razoable paralizar a execución das obras en tanto as condicións meteorolóxicas adversas que se están a producir, non melloren. Superadas as causas que deron lugar á



suspensión da execución parcial, deberá formalizarse acta de reinicio das obras, quedando nese intre DOUS MESES e DEZA OITO DÍAS para finalizar o prazo de execución...

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión na execución do contrato de obras paralización parcial da execución do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar), con efectos dende o 11/11/2022.*

As unidades de obra paralizadas son as seguintes:

DESCRIPCIÓN
<i>M2*CM Fresado (por cm. de espesor) de firme formado por hormigón bituminoso y/o capas granulares, incluso carga, barrido y transporte a vertedero o lugar de empleo.</i>
<i>M2 Emulsión asfáltica C60B3 TER con una dotación de 0.5 kg/m2, empleada en riegos de adherencia, incluso barrido y preparación previa de la superficie.</i>
<i>TN Hormigón bituminoso en caliente en rodadura tipo AC-16 o AC-22 S en capa de rodadura de firme, fabricado, puesto en obra y compactado, incluso filler de aportación, excepto betún.</i>
<i>TN Betún asfáltico mejorado con polvo de caucho procedente de NFU, tipo BC 50/70, empleado en la fabricación de hormigones bituminosos en caliente, puesto a pie de planta.</i>



<p><i>MI Marca vial reflexiva blanca de 10cm. de ancho, ejecutada con pintura acrílica en base acuosa con una dotación de 720 gr./m2 y aplicación de microesferas de vidrio con una dotación de 480 gr./m2, factor de durabilidad P6, incluso barrido y premarcaje, realmente ejecutado.</i></p>
<p><i>MI Marca vial reflexiva blanca de 15cm. de ancho, ejecutada con pintura acrílica en base acuosa con una dotación de 720 gr./m2 y aplicación de microesferas de vidrio con una dotación de 480 gr./m2, factor de durabilidad P6, incluso barrido y premarcaje, realmente ejecutado.</i></p>
<p><i>M2 Pintura reflexiva blanca acrílica en base acuosa, factor de durabilidad P6, en cebreados, símbolos y flechas, incluso barrido y premarcaje sobre el pavimento, realmente pintado.</i></p>
<p><i>UD Subministro e colocación de sinal triangular de 90 cm. de lado, reflexiva nivel II (H.I.) e troquelada, incluíndo poste galvanizado de sustentación e cimentación necesaria con formigón HM-20/P/40/IIa. Modelo de sinal eposte galvanizado a elixir pola Dirección facultativa. Incluíndo demolición de beirarrúa ou firme necesario para correcta instalación, escavación necesaria, posterior recheo, reposición de pavimento coas mesmas características que o existente, ancoraxes e parafusos necesarios para a súa correcta colocación, tanto do sinal ao poste como do poste á cimentación, con placa de ancoraxe con pernos no caso de ser necesario. Completamente colocada. Executado segundo PG 3 e instrución 8.1-IC.</i></p>
<p><i>UD Subministro e colocación de sinal circular de diámetro 90 cm, reflexiva nivel II (H.I.) e troquelada, incluíndo poste galvanizado de sustentación e cimentación necesaria con formigón HM-20/P/40/IIa. Modelo de sinal eposte galvanizado a elixir pola Dirección facultativa. Incluíndo demolición de beirarrúa ou firme necesario para correcta instalación, escavación necesaria, posterior recheo, reposición de pavimento coas mesmas características que o existente, ancoraxes e parafusos necesarios para a súa correcta colocación, tanto do sinal ao poste como do poste á cimentación, con placa de ancoraxe con pernos no caso de ser necesario. Completamente colocada. Executado segundo PG 3 e instrución 8.1-IC.</i></p>
<p><i>UD Suministro y colocación de panel direccional b/a de 80x40 cm., Clase RA2 y troquelada, i/ tornillería, sin poste de sustentación y cimentación.</i></p>
<p><i>UD Subministro e colocación de chapa de sinalización cadrada de 40X60 cm. en poste existente. Incluíndo ancoraxes e parafusos necesarios para a correcta colocación do sinal ao poste no caso de ser necesario. Completamente colocada. Executado segundo PG 3 e instrución 8.1-IC.</i></p>
<p><i>ML Subministro e instalación de barreira de seguridade simple, con nivel de contención N2, anchura de traballo W2, deflexión dinámica 0,80 m ou inferior, índice de severidade A. I/ captafaros, postes, p.p. de unións, tornillería e ancoraxes, totalmente instalada.</i></p>
<p><i>UD Abatemento de 8 m de lonxitude con barreira metálica de seguridade dobre onda de 3 mm. de espesor, galvanizada en quente, con postes metálicos de 120x55 mm. e 1.5 m. de lonxitude, con p.p. de captafaros, parafusería e pezas especiais, totalmente terminado e executado dando cumprimento á Orde Circular 35/2014, de 19 de maio de 2014, sobre criterios de aplicación de Sistemas de contención de vehículos.</i></p>
<p><i>UD Subministro e instalación de abatemento curto de 4 m. de lonxitude de barreira metálica de seguridade dobre onda de 3 mm. de espesor, galvanizada en quente, con postes metálicos de 120x55 mm. e 1.50 m. de lonxitude, con p.p. captafaros, parafusería e pezas especiais, totalmente terminado e executado dando cumprimento á Orde Circular 35/2014, de 19 de maio de 2014, sobre criterios de aplicación de Sistemas de contención de vehículos.</i></p>
<p><i>UD Desmontaxe e retirada de cola de pez de barreira de seguridade existente, incluso transporte e descarga a lugar indicado por la DO, a calquera distancia.</i></p>



Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión parcial da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e a directora de obra acta de reinicio, quedando nese intre DOUS MESES e DEZAOITO DÍAS, para finalizar a obra.

10.32345.- AUTORIZAR A SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DOS LOTES 2 E 3 DO CONTRATO DE “RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020”. (Expte. 2022044656)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra presentou varios proxectos singulares para a renovación das instalacións de iluminación exterior dos concellos da provincia, dentro do programa de Economía Baixa en Carbono, ao amparo das convocatorias do Ministerio para a Transición Ecolóxica, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

Segundo.- As solicitudes de axuda presentadas baixo os proxectos singulares denominados “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE V”, “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE VI”, “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE VII”, “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE VIII” e “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE IX” foron concedidas mediante resolución do director xeral do IDAE e aceptadas pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- Con data 28/01/2022, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial acordou adxudicar á empresa LETTER INGENIEROS S.L. (CIF: B19522028) o contrato para a prestación do “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚM FEDER-EELL- 2020004168, FEDER-EELL-2020004561, FEDER-EELL-2020004515, FEDER-EELL- 2020004530, e FEDER-EELL-2020004626, do Expte. 2021040008, que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER a través da convocatoria de axudas a entidades locais para proxectos singulares que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE) no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.” A empresa propón a Alberto I. Ochando como director de obra.



Terceiro.- Con data 07/10/2022 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou adxudicar á empresa ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L. (CIF B36380384) os contratos dos lotes 2 e 3 da “RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020- 004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDEREELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020”.

Cuarto.- Con data 21/10/2022 formalízanse os contratos dos Lotes 2 e 3 coa empresa ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L.

Con data 21 de novembro de 2022 pola Xefa do Servizo de Cooperación e polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación emítese informe no que se pon de manifesto o seguinte “*a empresa ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L. e a dirección dos traballos asínaron as actas de comprobación do replanteo dos seguintes 9 proxectos que forman parte dos lotes 2 e 3 do referido contrato:*

Lote 2	Iluminación exterior sostible VI	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda
Lote 3	Iluminación exterior sostible VII	Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meaño Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz Balneario

“...o director dos traballos Alberto I. Ochando indica nas 9 actas asinadas que se procede á suspensión do inicio da execución dos traballos porque falta a documentación necesaria (Plans de Xestións de Residuos e Plans de Seguridade e Saúde). A empresa contratista expresa a súa conformidade coa súa sinatura e o inicio dos traballos queda suspendido ata que se realice dita documentación e sexa aprobada.”



Con data 28/11/2022 informan así mesmo que “*dado 0 gran numero de proxectos e dos traballos necesarios para a xeración del documentación requirida (Plans de Xestións de Residuos e Plans de Seguridade e Saúde) obrigou a suspensión do inicio da execución dos lotes 2 e 3 do contrato de RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO I.D.A.E.*

Toda esta documentación, por outra banda, esta suxeita a revisión da dirección de obra e dos coordinadores de seguridade e saúde, que requiren da modificación de diferentes aspectos, polo que a aprobación destes proxectos non pode ser inmediata.

A empresa contratista expresa a súa conformidade coa súa sinatura e o inicio dos traballos queda suspendido ata que se realice dita documentación e sexa aprobada.”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “*...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “*...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...*”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “*1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...*”

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión do inicio da execución dos lotes 2 e 3 do contrato de RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDEREELL-2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DO I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020 dende o 21/11/2022. Unha vez solucionadas as causas que deron lugar a suspensión do inicio da execución formalizárase entre o contratista e o director de obra a correspondente acta de inicio.



11.32346.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA, GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L., PARA DESENVOLVER O “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA-EDUCATIVA DO PROGRAMA DEPOAVENTURA A LANZADA, 2023” (Expte.2021035025)

Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 25 de febreiro de 2022 adxudicouse o contrato do servizo de asistencia técnico educativa do programa DEPOAVENTURA A LANZADA 2022, á empresa Golfiño Xestión de Ocio, S.L. (B-70.072.905) para o desenvolvemento de 11 quendas polo seguinte importe:

Importe (sen IVE): 194.438,13€
IVE (21%): 19.443,81€
Importe total (IVE engadido): 213.881,94€

O contrato formalizouse en documento administrativo en data 22/03/2022, con efectos desde a mesma data ata o 31 de decembro de 2022.

Na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas, establécese a posibilidade de prorrogar o programa (3 prórrogas de un ano), previa aprobación das bases reguladoras do programa para dito período.

A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes. En data 21/09/2022 notificase o preaviso, á empresa Golfiño Xestión de Ocio, S.L. (NOT 2022019955, e data de comparecencia de 21/09/2022).

En data 21/09/2022, a xefa do servizo de cohesión social emite informe co csv 9GA4YCVHFX5TBRQ, no que solicita a prórroga do contrato coa empresa Golfiño Xestión de Ocio, S.L.. O programa desenrolarase co mesmo contido, mesmo número de quendas (11) mesmo número de menores destinatarios (1.540) coincidindo coas vacacións escolares, desde o 25 de xuño ao 9 de setembro de 2023.

Por acordo nº 3.32232 da XG de data 4/11/2022 apróbanse as bases reguladoras do programa DEPOAVENTURA LANZADA 2023 (Expte. nº 2022063054).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención (CSV: FJLITA58UPL5TLJM), que conclúe o seguinte:

“infórmase favorablemente a proposta da primeira prórroga deste contrato por unha anualidade, para o período comprendido desde o 25/06/2023 ao 09/09/2023, coincidindo coas vacacións escolares.”



Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do Secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a 1º prórroga do contrato do “Servizo de asistencia técnico educativa do programa DEPOAVENTURA A LANZADA 2023”, subscrito coa empresa Golfiño Xestión de Ocio, S.L. (B-70.072.905) con efectos desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos e as condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto, para a duración da prórroga do contrato (desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023), financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2023	231.2311.227.07	213.881,94€

O importe do gasto correspondente á anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

12.32347.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA XESTIÓN CULTURAL AUREA, S.L., PARA DESENVOLVER O “SERVIZO DE XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DEPO EN MARCHA 2023” (Exppte.2021050862).

Mediante acordo da Xunta de Goberno de 1 de abril de 2022, adxudicouse o contrato do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPO EN MARCHA 2022, á empresa Xestión Cultural Aurea S.L. (B-36.394.203), polo seguinte importe:

Prezo por obradoiro (sen IVE): 927,63€
IVE (21%): 194,80€
Prezo por obradoiro (IVE engadido): ... 1.122,43€



O prazo de execución do contrato establécese en 7 meses desde o día seguinte a formalización do contrato debendo en todo caso estar finalizadas as actividades o 31/12/2022.”
O contrato formalizase en data 05/05/2022, ata o 31 de decembro de 2022.

Na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas, establécese a posibilidade de prorrogar as actividades obxecto desta contratación (prórrogas de un ano), previa aprobación das bases reguladoras do programa para dito período.

A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexe o contrato se estableza un maior.
En data 21/09/2022, a xefa do servizo de Cohesión Social emite informe co csv VL3361BGBUW36N XR, no que solicita a prórroga do contrato coa empresa Xestión Cultural Aurea S.L. (B-36.394.203), nas mesmas condicións que no contrato concertado.

En data 22/09/2022 co rexistro de saída NOT.2022020085 notifícase o preaviso, á empresa Xestión Cultural Aurea S.L, data de aceptación da notificación de 30/09/2022.

Por acordo nº 4.32233 da Xunta de Goberno de data 4/11/2022, apróbanse as bases reguladoras do programa DEPO EN MARCHA para o ano 2023 (expte. nº 2022063047).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención (CSV: GZEBTNCFD1Z28VNW), que conclúe o seguinte:
“infórmase favorablemente a proposta da primeira prórroga deste contrato por unha anualidade, desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.”

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do Secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a 1º prórroga do contrato do *“Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPO EN MARCHA 2023”*, subscrito coa empresa Xestión Cultural Aurea S.L. (B-36.394.203), con efectos desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos e as condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto, para a duración da prórroga do contrato (desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023), financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2023	231.2311.227.07	145.916,20

O importe do gasto correspondente á anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

13.32348.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O APOIO AO ENTE XESTOR DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO – PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS” E DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA E TABEIROS-TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA–FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA–NEXTGENERATIONEU (Expte. 2022044467)

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España é unha folla de ruta para a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego trala crise da COVID-19, así como para preparar ao país para afrontar os retos do futuro. O citado Plan inclúe inversións e un amplo conxunto de reformas estruturais que se interrelacionan e retroalimentan para lograr catro obxectivos transversais: avanzar cara unha España máis verde, máis dixital, máis cohesionada dende o punto de vista social e territorial e máis igualitaria.

No PRTR, como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. O obxectivo perseguido por esta liña de investimento é implementar os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

Os Plans de Sustentabilidade Turística en Destino son concibidos coma proxectos que permiten ás entidades locais configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias a través das actuacións previstas nos catro eixos previstos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos: transición verde e sustentable, eficiencia enerxética, transición dixital e a competitividade dos destinos.



No marco desta convocatoria extraordinaria a Deputación de Pontevedra presentou o “*Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Condado – Paradanta. Unha terra entre ríos*” (PSTD Condado-Paradanta, a seguir) ratificada a súa concesión a través da Resolución de 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo e o “*Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Deza e Tabeirós – Terra de Montes. Os Camiños por dentro*” (PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes, a seguir), mediante concesión directa ratificada polo Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas á financiación do Plan Nacional de Sostenibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A implementación destes Plans de Sostenibilidade propostos pola Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas, suporán un incremento considerable do volume de traballo para o servizo xestor dos destinos. É por esta razón, pola que se fai necesario reforzar a capacidade de xestión dos entes xestores prestándolles apoio técnico coma estratexia para asegurar a viabilidade na execución e no seguimento dos Plans mediante a contratación dunha empresa externa que presta este apoio.

As actividades do Servizo de Turismo Rías Baixas baséanse na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial, tal como se sinala no artigo 36.1.d) da Lei de Bases de Réxime Local. A tal efecto, os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como coas convocatorias e proxectos que se pretenden executar e está xustificado anteriormente

Á vista de todo o exposto a Deputada Delegada de Turismo e Xuventude e a Deputación Delegada de Proxectos Europeos solicita que se inicien os trámites para a contratación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Asemade, na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, xustificase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo e de servizo, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Con data 09/11/2022, a Intervención emite documentos RC fut 1 con numero de operación 202200020827 por importe de 42.350,00 € e RC fut 2 con número de operación 2022000220831 por importe de 66.550,00 €.



Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 11/11/2022 , seguidamente trasládase o expediente de contratación á Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Con data 30 de novembro de 2022 a intervención informa favorablemente o expediente.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeiros-Terra de montes ”Os camiños por dentro” no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU.

2.-Autorizar o gasto por importe total de 151.250,00 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo co seguinte detalle:

Lote 1		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	23/433.4325.227.99	42.350,00 €
2024	24/433.4325.227.99	18.150,00 €
Total		60.500,00 €

Lote 2		
Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	23/433.4324.227.99	66.550,00 €
2024	24/433.4324.227.99	24.200,00 €
Total		90.750,00 €

Ao tratarse dunha tramitación anticipada os importes correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito axeitado e suficiente.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) OE64VCSQVEK3UCA9 e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV) XUS8BLQAP9QLXIVW.



4.- Nomear persoa responsable do contrato a Xefa do Servizo de Turismo Ruth González Reyes.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

14.32349.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DOS “SERVICIOS PUBLICITARIOS CON RADIO VIGO SAU PARA A ANUALIDADE 2023”. (Expte.2022066522)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 23 de setembro de 2022 número 2022006769 foi aprobado o Plan de Comunicación 2023 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse, entre outros, a Radio Vigo, S.A.U como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do deputado delegado, propón, mediante informe de data 11 de novembro de 2022, a contratación da prestación de servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U para a anualidade 2023, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade (csv: E1WEK0VFDBPQSEJM).

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 125.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2023, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.



Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT1 nº 202200235841 por importe de 125.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Asemade, na memoria xustificativa de data 24 de novembro de 2022, (csv: J8F5B6PGNI3DDPWV) o Xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 18 de novembro de 2022 solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación. O secretario xeral, con data 18 de novembro de 2022, informa favorablemente o expediente (csv: SW1BF06I7YT9D7MN).

Con data 18 de novembro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que, con data 25 de novembro de 2022, informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

“A data de hoxe, o importe acumulado das retencións de crédito futuras para o exercicio 2023, dentro da aplicación de “Publicidade e propaganda” do Servizo de Comunicación Institucional, xa supera o importe inicialmente aprobado polo Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do día 21 de outubro do 2022, no orzamento de 2023 para este concepto, o cal debe terse en conta polo centro xestor do gasto, xa que a retención de crédito a nivel de bolsa supón a diminución do crédito dispoñible para a realización doutros gastos imputables á mesma e a efectos de evitar situacións de inexistencia ou insuficiencia de crédito para gastos necesarios xa a principios do exercicio de 2023. Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal”.

Tendo en conta o artigo 17 LCSP, que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta que o artigo 168 LCSP permite aplicar o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación dos contratos de servizos, cando soamente poidan ser encomendados a un empresario determinado por razóns de protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE excluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, dos servizos publicitarios con *Radio Vigo, S.A.U* (A-36.612.414) para a anualidade 2023.
O prazo de duración será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.
O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 125.000,00 €.
O valor estimado é de 103.305,79 €.
- 2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: KINHJPBUJTXYBG7F) e de prescricións técnicas (csv: DCF1HXRHA5Z4560A) que rexerán dita contratación.
- 3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 125.000,00 a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.
- 4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación Provincial ou persoa en quen delegue.
- 5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A-36.612.414) invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).



15.32350.- ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA O CONTRATO DE OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9401 TRAVESÍA MEIS-SAN SALVADOR-ENLACE AUTOVÍA (AG-41), DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+320 (CONCELLO DE MEIS)” (Expte.2022029524)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-9401 Travesía de Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41) que transcorre polo Concello de Meis e que ten unha lonxitude de 320 metros.

Resultando.- Que na actualidade, a devandita estrada presenta problemas de seguridade viaria debido á falta de sendas e beiravías para a circulación peonil e dos colectivos máis vulnerables, carecendo ademais en gran parte do percorrido de sobreanchos e espazos para o tránsito peonil que prexudican as condicións de mobilidade dos peóns. Cabe salientar ademais que no ámbito da obra atópanse numerosas vivendas e servizos ao longo da estrada polo que se estima unha intensidade de circulación de peóns significativa.

Resultando.- Que por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”.

Resultando.- Que con data 9 de maio de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis, convenio de colaboración par a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”, por importe de 242.454,16 €.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Meis mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	193.963,33 €	80
Concello de Meis	48.490,83 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	242.454,16 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*” cun orzamento base de licitación de 242.454,16 € IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) 7V0YEQZO1OE075S2.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 242.454,16 €, con número de operación 202200069048 con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 15/07/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*” redactado polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, cun orzamento base de licitación de 242.454,16 €, IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) 7V0YEQZO1OE075S2.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/09/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que con data 21/10/2022 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre “A”
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 21/10/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	196.247,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	187.370,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	183.764,22 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	194.163,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	190.332,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	183.022,83 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.



Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., presentou a xustificación da súa oferta en prazo, dando traslado da mesma ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que emitiran o preceptivo informe.

Resultando.- Que con data 09/11/2022 emitiu informe o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas, recollendo o seguinte: *"...considero que a empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIALES S.A. (COVSA) NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra..."*

Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/11/2022 procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14 001	
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	7,03	5,00	5,00	5,00	22,03
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	21,59	5,00	5,00	5,00	36,59
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	27,06	5,00	5,00	5,00	42,06
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	10,58	5,00	5,00	5,00	25,58
NAROM, S.L.	17,10	5,00	5,00	5,00	32,10



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	36,54	42,06
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	21,00	42,07	36,59
3	NAROM, S.L.	21,00	21,92	32,10
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	31,84	25,58
5	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	23,00	42,58	22,03

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)" á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (CIF B36533537), por un importe de 222354,71 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



Resultando.- Que requirida MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 9.188,21 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 25/11/2022 con número de operación 202200239886.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á emprise MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)”, por un importe de 222.354,71 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	183.764,22 €
IVE (21%)	38.590,49 €
Importe Total.....	222.354,71 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.



3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.

O prazo de execución será de CINCO (5) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/4534530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022029524.

16.32351.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON “LA VOZ DE GALICIA, S.A.” PARA A ANUALIDADE 2023. (Expte. 2022061636)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 4 de novembro de 2022, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con La Voz de Galicia S.A. para a anualidade 2023, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *La Voz de Galicia S.A.*

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 8 de novembro de 2022, á empresa La Voz de Galicia S.A., no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 16 de novembro de 2022 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.



A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte: Menor prezo ofertado sen IVE. Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado: Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
La Voz de Galicia S.A. (A15000649)	140.495,87 €	0 puntos

A empresa proposta para a adxudicación está inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.024,79 € (carta de pago núm. 202200239939 de data 24/11/2022).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con La Voz de Galicia S.A. para a anualidade 2023*”, á empresa *La Voz de Galicia S.A.* (A15000649), polos seguintes prezos e valores ofertados, e conforme ao establecido na súa oferta:

Os prezos unitarios ofertados coinciden coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: L5MZBPT2TMOHJ9T0).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE 170.000,00 €



O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022061636	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



17.32352.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA INGENIERÍA INSITU, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1, 2, 3 E 4 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E DIRECCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR” (Expte.2019039388). (Devogaran 2022064503)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 21 de febreiro de 2020 (CSV.- 1ZN38XMFZ3NT7IHY), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de renovación de instalacións de iluminación exterior, cofinanciado nun 80% polo FEDER, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020, dentro do obxectivo temático 4 -Economía baixa en carbono-*” (Expte. 2019039388).

Para responder dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste servizo, a empresa INGENIERÍA INSITU, S.L. (CIF.- B-27.715.309), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos lotes, polos seguintes importes:

Empresa	Lote	Importe	Carta Pago	Datas
INGENIERÍA INSITU, S.L. (B-27.715.309)	1	2.549,50€	202000032562	13/02/2020
	2	2.777,50€	202000032564	
	3	2.149,75€	202000032560	
	4	1.974,50€	202000032561	

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa que a empresa relacionada cumpríu coa execución do respectivo contrato nos seus *lotes 1, 2, 3 e 4*, constando así no expediente, polo que proceden as devolucións das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil INGENIERÍA INSITU, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes números 1, 2, 3 e 4 do contrato de “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de renovación de instalacións de iluminación exterior, cofinanciado nun 80% polo FEDER, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020, dentro do obxectivo temático 4 -Economía baixa en carbono-*” (Expte. Núm. 2019039388), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *INGENIERÍA INSITU, S.L.*, por resultar adxudicataria de ditos lotes, e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CAIXAGERAL*, por importe de dous mil cincocentos corenta e nove euros con cincuenta céntimos (2.549,50€), para responder, do “*Lote 1*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000032562.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CAIXAGERAL*, por importe de dous mil setecentos setenta e sete euros con cincuenta céntimos (2.777,50 €), para responder, do “*Lote 2*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000032564.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CAIXAGERAL*, por importe de dous mil cento corenta e nove euros con setenta e cinco céntimos (2.149,75€), para responder, do “*Lote 3*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000032560.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CAIXAGERAL*, por importe de mil novecentos setenta e catro euros con cincuenta céntimos (1.974,50 €), para responder, do “*Lote 4*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 13/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000032561.

18.32353.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA *PROYFE, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 5 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E DIRECCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR” (Expte.2019039388) (Devogaran2022064503)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 21 de febreiro de 2020 (CSV.- 1ZN38XMFZ3NT7IHY), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de renovación de instalacións de iluminación exterior, cofinanciado nun 80% polo FEDER, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020, dentro do obxectivo temático 4 -Economía baixa en carbono-*” (Expte. 2019039388).



Para responder do lote 5 que compuxo este servizo, a empresa PROYFE, S.L. (CIF.- B-15.077.233), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, na súa parte asumida, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta Pago	Datas
PROYFE, S.L. (B-15.077.233)	5	413,75€	202000031661	11/02/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa que a empresa relacionada cumpríu coa execución do respectivo contrato no seu *lote 5*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil PROYFE, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 5 do contrato de “*Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de renovación de instalacións de iluminación exterior, cofinanciado nun 80% polo FEDER, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020, dentro do obxectivo temático 4 -Economía baixa en carbono-*” (Expte. Núm. 2019039388), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil PROYFE, S.L., por resultar adjudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de catrocentos trece euros con setenta e cinco céntimos (413,75 €), para responder, do “*Lote 5*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000031661.



19.32354.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA G12, GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 9 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO <LABORA 2020.-2ª CONVOCATORIA>, DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MÁIS VULNERABLES, COFINANCIADO NUN 80% POLO FSE” (Expte. 2020031675) (Devogaran 2022033568)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de marzo de 2021 (CSV.- AJZ88F1C7L53AP2Q), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “Servizo de formación no marco do proxecto <Labora 2020.-2ª convocatoria>, dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, cofinanciado nun 80% polo FSE” (Expte. 2020031675).

Para responder da realización do lote 9 que compuxo este servizo, a empresa G12, GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (CIF.- B-36.993.509), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta Pago	Datas
G12, GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. (B-36.993.509)	9	5.435,20€	202100019557	04/02/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no cal se informa que a empresa relacionada cumpríu coa execución do respectivo contrato de *servizo*, constando así no expediente, polo que procede a devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil G12, GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 9 do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto <Labora 2020.-2ª convocatoria>, dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, cofinanciado nun 80% polo FSE*” (Expte. Núm. 2020031675), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *G12, GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BBVA*, por importe de cinco mil catrocentos trinta e cinco euros con vinte céntimos (5.435,20 €), para responder, do “*Lote 9*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100019557.

20.32355.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022070681 que contén 21 facturas e por un importe de 40.262,15 €, e con CSV: ZK8P3MK1NX4YWJH0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24/11/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	39.132,53 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	1.129,62 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	40.262,15 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



21.32356.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES.

Vista a relación de facturas con número 2022070675, que contén 5 facturas e por un importe de 11.187,05 € e con CSV: 2R39EBBF60FQHZ4X, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24 de novembro de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	11.568,18 €
Descontos do IRPF	371,85 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	11.187,05 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

 22.32357.- APROBACIÓN DA APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIONS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA. (Expte. 2022023348)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión de 13 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria de subvencións para a “Redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclistas nos concellos da Rede Ágora” (Expte.2022023348); este acordo foi publicado no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.

Durante o prazo establecido, que rematou o 4 de xullo de 2022, presentaron solicitudes 28 concellos, para a redacción de 77 proxectos.

A Xunta de Goberno, en sesión de 21 de outubro de 2022, aprobou a concesión de subvencións a sete concellos para a redacción de vinte e catro proxectos conforme ás memorias presentadas. Finalizado o proceso de validación de todas as memorias presentadas, o 25 de outubro de 2022 propúxose a concesión de subvencións aos vinte e un concellos restantes para cincuenta e un proxectos e polos importes que se detallan:

Importe subvencións concedidas	Importe proposta de concesión	Total
305.014,92 €	754.772,06 €	1.059.786,98 €



Consideracións.

O obxecto da convocatoria é impulsar a realización de proxectos de recuperación de espazos públicos no ámbito municipal para devolvérrellos ás persoas, así como a creación de sendas peonís e/ou ciclables, para permitir a implantación de formas de desprazamento máis sostibles.

Subvencionase a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclistas nos concellos da Rede Ágora conforme ás bases da convocatoria publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.

O procedemento de concesión é de concorrencia non competitiva, segundo orde de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra.

A liña de subvención está dotada con 1.960.000 €, dos cales 960.000 son con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10/21 e 1.000.000 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.

Tendo en conta as solicitudes aprobadas e as propostas para aprobación existe un crédito dispoñible de 900.213,02 € (resultado da diferenza: 1.960.000 – 1.059.786,98 €).

De acordo co recollido no derradeiro parágrafo da Base reguladora 3ª, ao non terse consumido todo o crédito, poderá abrirse un novo prazo de solicitudes, ao que se poderán presentar tanto os concellos que non o fixeran na primeira convocatoria coma os que xa o fixeran, poñéndose a disposición de cada un deles de novo outros 50.000 € como máximo.

O órgano competente para a apertura dun novo prazo é o mesmo que aprobou as bases; isto é, a Xunta de Goberno.

Polo que antecede, logo do informe da Secretaría Xeral de 2 de novembro de 2022 e da dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de 9 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes conforme ás bases reguladoras de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022, financiándose co crédito dispoñible por importe de 900.213,02 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.

Segundo.- O novo prazo de presentación de solicitudes é de 30 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).



23.32358.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA (Expte.2022023348)

É obxecto deste informe-proposta formular a segunda proposta de solicitudes aceptadas e indicar o importe da subvención que lle corresponde aos concellos en aplicación da base décimo primeira das reguladoras da convocatoria de subvencións para redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora.

Antecedentes

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión de 13 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria de subvencións para a “Redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclistas nos concellos da Rede Ágora” (Expte.2022023348). Este acordo foi publicado no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.

A Xunta de Goberno en sesión de 21 de outubro de 2022, logo do informe favorable da Intervención aprobou a proposta de 26 de setembro de 2022 de concesión de subvencións a 7 concellos con 24 proxectos con validación técnica favorable e a exclusión dun dos proxectos por superar a suma das contías dese Concello o límite máximo establecido na base quinta, derradeiro parágrafo.

O 9 de setembro de 2022 requiriuse aos 21 concellos restantes a emenda de documentación presentada para un total de 52 proxectos. Todos os concellos emendaron e completaron a documentación requirida.

Consideracións

1ª Normativa aplicable

- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) nos seus preceptos de carácter básico e de aplicación preferente á lexislación autonómica contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- A Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 30 de decembro de 2016 -núm.249(OXSDEPPO) no seu artigo 4 relativo ao réxime xurídico das subvencións da Deputación enumera normativa aplicable entre a que recolle as convocatorias e bases reguladoras destas así como os actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.
- Bases reguladoras da convocatoria publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.

2ª Beneficiarios. Procedemento de concesión e financiamento.

De acordo coa base segunda poden ser beneficiarios os concellos da provincia de Pontevedra que estean adheridos á Rede Ágora na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e que teñan un censo de poboación inferior aos 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida aos últimos datos publicados.

Durante o prazo establecido na base quinta da convocatoria, 30 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPP (21 de maio ao 4 de xullo de 2022) presentaron solicitudes 28 concellos, para un total de 77 proxectos.

Todos os concellos solicitantes teñen unha poboación inferior a 50.000 habitantes. Polo que se refire á adhesión á Rede ÁGORA, por Resolución de 30 de xuño de 2021 acordouse a adhesión de 27 dos solicitantes. Nesta Resolución non consta o Concello de Redondela por ter solicitado a adhesión con posterioridade (xuño de 2022), non obstante a antedita base segunda establece que poden ser beneficiarios os concellos adheridos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo establece a base quinta as subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva, segundo orde de entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra.

Conforme á base terceira a liña de subvencións está dotada con 1.960.000 €, dos cales 960.000 son con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10/21 e 1.000.000 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10. Subvencionase o 90 % do custo de redacción dos proxectos, ata un máximo de 50.000 € por concello.

3ª Admisión, comprobación e validación técnica das solicitudes.

Realizouse a comprobación formal das solicitudes e requíronse as emendas que se estimaron procedentes en cada caso.

Examinadas as memorias presentadas, o xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías provinciais, en data 18 de outubro de 2022, emitiu o informe previsto no punto 2 da base reguladora décimo primeira, validando as memorias correspondentes aos 21 concellos e 52 proxectos incluídos nesta segunda proposta.

Non se supera o importe da dotación económica máxima prevista.



Na seguinte táboa recóllese o cumprimento dos requisitos esixidos pola convocatoria ao respecto e validación técnica favorable:

Concello	Título	caso	acordo (anexo III)	Certificac ión (anexo IV)	estimac ión custo	Validació n técnica
GONDOMAR	REORDENACIÓN DEL TRÁFICO Y EL ESPACIO PÚBLICO EN AVENIDA CONDE DE GONDOMAR	1	SI	SI	SI	SI
GONDOMAR	RECUPERACIÓN DEL ESPACIO PÚBLICO PARA PEATONES EN RÚA IGREXA Y CAMINO SAN BIEITO FONTE DE MERA	1	SI	SI	SI	SI
GONDOMAR	ADECUACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN EL ENTORNO DE LA IGLESIA DE SANTA BAIA, MOSTEIRO - DONAS	1	SI	SI	SI	SI
GONDOMAR	REGENERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL RUEIRO TRADICIONAL “CAMIÑO DE ÁSPERA”, CHAÍN	1	SI	SI	SI	SI
GONDOMAR	CREACIÓN DE SENDA PEATONAL Y CICLABLE EN PISTA DAS LENTAS, QUE INCLUYE EL ESTUDIO INTEGRAL DE ITINERARIO PEATONAL ENTRE LA SENDA DE LA PO-340 Y EL PASEO MARÍTIMO DEL MIÑOR	2	SI	SI	SI	SI
CERDEDO-COTOBADE	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE SACOS	1	SI	SI	SI	SI
CERDEDO-COTOBADE	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO NÚCLEO DE CERDEDO	1	SI	SI	SI	SI
CERDEDO-COTOBADE	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO NÚCLEO DE ARROTEA ALMOFREI	1	SI	SI	SI	SI
MEIS	HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SALVADOR	1	SI	SI	SI*	SI
MEIS	HUMANIZACIÓN AVENIDA MÉDICO PAZ (TRAMO CAMPO DE FÚTBOL DE MOSTEIRO – FUTURO CENTRO MÉDICO)	2	SI	SI	SI*	SI
MEIS	HUMANIZACIÓN DOS ACCESOS Á CASA DE PARGA E O NÚCLEO RURAL DE RIAL	1	SI	SI	SI*	SI



PAZOS DE BORBÉN	REFORMA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTIAGO DE CUARTOS DE BORBÉN	1	SI	SI	SI	SI
PAZOS DE BORBÉN	CREACIÓN DUNHA ÁREA DE PRIORIDADE PEONIL CONECTANDO AS DÚAS PRAZAS DO NÚCLEO DE AMOEDO	1	SI	SI	SI	SI
PAZOS DE BORBÉN	REFORMA DA CONTORNA DA CAPELA DO CARMEN DE ALVITE EN NESPEREIRA	1	SI	SI	SI	SI
PAZOS DE BORBÉN	REFORMA DA CONTORNA DA IGREXA DE SAN PEDRO EN CEPEDA	1	SI	SI	SI	SI
PAZOS DE BORBÉN	REFORMA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE PAZOS	1	SI	SI	SI	SI
CONCELLO DE REDONDELA	CREACIÓN DUNHA ÁREA DE ESPAZO PÚBLICO NO ENTORNO DO CEIP PORTO CABEIRO	1	SI	SI	SI*	SI
CONCELLO DE REDONDELA	RECUPERACION DE ESPAZO AMABLE NO CENTRO DE SERVIZOS DE CEDEIRA	1	SI	SI	SI*	SI
CONCELLO DE REDONDELA	RECUPERACIÓN DO TORREIRO DO VISO	1	SI	SI	SI*	SI
SALCEDA DE CASELAS	MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO DA RÚA VIGO	3.1	SI	SI	SI	SI
SALCEDA DE CASELAS	MOB. AMABLE E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO RÚA VICTORIANO PÉREZ VIDAL	3.1	SI	SI	SI	SI
SALCEDA DE CASELAS	MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO DO TRAMO FINAL DA RÚA CORUÑA	3.1	SI	SI	SI	SI
PORRIÑO	ACOND. DO VIARIO ASFALTADO PARALELO Á VÍA FÉRREA NAS PROXIMIDADES DO PASEO DO LOURO	2	SI	SI	SI**	SI
PORRIÑO	HUMANIZACIÓN RÚA ANTONIO PALACIOS. TRAMO RÚA CRUCEIRO-COLEXIO	1	SI	SI	SI*	SI
PORRIÑO	HUMANIZACIÓN RÚA SAN SEBASTIÁN	1	SI	SI	SI*	SI
PORRIÑO	HUMANIZACIÓN RÚAS TARELA E NAVUXIL	1	SI	SI	SI*	SI
PORRIÑO	HUMANIZACIÓN RÚA PARQUE INFANTIL. TRAMO RÚA SALGUEIRA-AV DOMINGO BUENO	1	SI	SI	SI**	SI



MARÍN	HUMANIZACIÓN DAS RÚAS AUGUSTO MIRANDA E SERAFÍN TUBÍO	1	SI	SI	SI**	SI
MARÍN	SENDA PEONIL NA ESTRADA DE O PAZO, EN ARDÁN	2	SI	SI	SI**	SI
MONDARIZ	PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MEROUCES. CONCELLO DE MONDARIZ.	1	SI	SI	SI	SI
MONDARIZ	ACOND. DA CONTORNA DA IGREXA DE SABAXÁNS E DA SENDA AOS PETROGLIFOS DE PE DA MULA	1	SI	SI	SI	SI
MONDARIZ	NOVA PRAZA PÚBLICA NO COUTO	1	SI	SI	SI	SI
MONDARIZ	ACONDICIONAMENTO DO ACCESO A PONTE DE CERNADELA	1	SI	SI	SI	SI
SALVATERRA DE MIÑO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL DA RÚA ALTO DA FONTE	1	SI	SI	SI	SI
SALVATERRA DE MIÑO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL DA RÚA DA FORCA	1	SI	SI	SI	SI
SALVATERRA DE MIÑO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL DA RÚA MARQUÉS DE VIANA E RÚA SUSO VAAMONDE	1	SI	SI	SI	SI
SANXENXO	HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BARROSA, VIRXE DO CARME E INFANTERÍA DA MARIÑA, EN BALTAR	1	SI	SI	SI	SI
SANXENXO	HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DO OUTEIRO, DORRÓN	1	SI	SI	SI	SI
VALGA	CREACION DE SENDA PEONIL E CICLABLE DENDE O LUGAR DE CASTIÑEIRAS ATA O NUCLEO DE PONTE VALGA	2	SI	SI	SI*	SI
MOAÑA	PROXECTO PARA MELLORA DE CONEXIÓNS E DA ACCESIBILIDADE ENTRE A MOAÑA BAIXA E A MOAÑA ALTA	3.2	SI	SI	SI	SI
A GUARDA	HUMANIZACIÓN DA RÚA MALTESES, MELLORA DA ACCESIBILIDADE E DA SEGURIDADE VIAL	1	SI	SI	SI	SI
A GUARDA	MELLORA NA SEGURIDADE INFANTIL NO ENTORNO DO CEIP AS SOLANAS	1	SI	SI	SI	SI
BUEU	REXENERACIÓN URBANA E HUMANIZACIÓN DAS RÚAS CANCELIÑA E MEÁNS	1	SI	SI	SI	SI
MEAÑO	SENDA PEONIL E CICLABLE POR UN TRAMO DA RÚA PONTE DENA - ABUIN	2	SI	SI	SI	SI



PONTECESURES	REDACCIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN CO TÍTULO: "RE-CONEXIÓN PEONIL, SEGURA E AMABLE DO NÚCLEO URBANO DE PONTECESURES (PRAZUELA E RÚA MIGUÉNS PARRADO)	1	SI	SI	SI	SI
PONTECESURES	REDACCIÓN DE PROX. EXECUCIÓN "ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA ESTACIÓN TREN PONTECESURES	1	SI	SI	SI**	SI
VILABOA	SENDEIRO PEONIL E CICLISTA SENDA DO SAL AO CAL	2	SI	SI	SI*	SI
VILAGARCIA DE AROUSA	HUMANIZACIÓN AVENIDA DA MARIÑA NO ENTORNO DA PRAZA DA PEIXERÍA	1	SI	SI	SI*	SI
VILAGARCIA DE AROUSA	HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RÚA CONDE VALLELLANO	1	SI	SI	SI*	SI
VILAGARCIA DE AROUSA	RECUPERACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA	1	SI	SI	SI*	SI
CANGAS	PEONALIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA EDUARDO VICENTE E AVENIDA DE MONTERO RÍOS	1	SI	SI	SI	SI
PONTE CALDELAS	RECUPERACIÓN PEONIL DOS ESPAZOS ENTRE AS PRAZAS DE ESPAÑA E FREI ANTONIO ORGE.	1	SI	SI	SI	SI

* Nos casos sinalados con 1 asterisco, a estimación de gasto recóllese na memoria explicativa.

** Nos casos sinalados con 2 asteriscos, a estimación de gasto recóllese en decreto de alcaldía.

4ª. Proposta de concesión e exclusións.

O punto 3 da base décimo primeira establece que a Xefatura de Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais deberá emitir informe-proposta sobre a adecuación das solicitudes, no que se sinala a subvención máxima que lle corresponde a cada proxecto. Indicarase ademais o importe máximo que lle corresponde a cada concello, resultado da suma de todos os proxectos presentados por este. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns das desestimacións.

Polo que respecta aos criterios de concesión a base quinta – derradeiro parágrafo - establece que *“cada concello presentará tantas solicitudes independentes como proxectos propoña para a redacción. No caso de que o concello presente varias solicitudes e a suma subvencionable supere o máximo establecido de 50.000 €, terase en conta a orde de entrada das solicitudes no Rexistro da Deputación de Pontevedra, de xeito que se subvencionarán co 90 % do custo de redacción do proxecto as solicitudes que cumpran os requisitos e o concello presente antes de chegar ao límite de 50.000 € subvencionables..”*. Conforme a esta base propónse a desestimación da solicitude presentada polo Concello de Sanxenxo para a redacción do proxecto *“Humanización do núcleo rural do Outeiro, Dorrón”* por presentar o Concello dúas solicitudes e superarse con esta -presentada en último lugar- o límite de 50.000 €.



Polo que antecede, logo do informe favorable da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO:

a) excluír, en aplicación do derradeiro parágrafo da base quinta, a solicitude presentada polo Concello de Sanxenxo para a redacción do proxecto “*Humanización do núcleo rural do Outeiro, Dorrón*” por presentar o Concello dúas solicitudes e superarse con esta- presentada en último lugar- o limite de 50.000 €.

b) conceder aos concellos que que relacionan as subvencións para os proxectos e contías que se detallan a continuación:

PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA								
CÓD. EXPTE.	DATA REXISTRO (da solicitude)	CONCELLO	TÍTULO	Custo estimado	Contía solicitada máx.90%	Cálculo do 90%	total subvención	TOTAL CONTÍA CONCELLO
2022046412	05/07/2022 11:22	GONDOMAR	REORDENACION DEL TRÁFICO Y EL ESPACIO PÚBLICO EN AVENIDA CONDE DE GONDOMAR	11.000,00 €	9.900,00 €	9.900,00	9.900,00	49.499,35 €
2022046407	05/07/2022 11:12		RECUPERACIÓN DEL ESPACIO PÚBLICO PARA PEATONES EN RÚA IGREXA Y CAMINO SAN BIEITO FONTE DE MERA	11.000,00 €	9.900,00 €	9.900,00	9.900,00	
2022046395	05/07/2022 11:02		ADECUACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN EL ENTORNO DE LA IGLESIA DE SANTA BAIA, MOSTEIRO - DONAS	9.801,00 €	8.820,00 €	8.820,90	8.820,00	
2022046391	05/07/2022 11:02		REGENERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL RUEIRO TRADICIONAL “CAMIÑO DE ÁSPERA”, CHAÍN	9.399,28 €	8.460,00 €	8.459,35	8.459,35	
2022046388	05/07/2022 11:02		CREACIÓN DE SENDA PEATONAL Y CICLABLE EN PISTA DAS LENTAS, QUE INCLUYE EL ESTUDIO INTEGRAL DE ITINERARIO PEATONAL ENTRE LA SENDA DE LA PO-340 Y EL PASEO MARÍTIMO DEL MIÑOR	13.800,00 €	12.420,00 €	12.420,00	12.420,00	



2022045964	04/07/2022 8:53	CERDEDO- COTOBADA	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE SACOS	16.940,00 €	15.246,00 €	15.246,00	15.246,00	44.540,10 €
2022045432	30/06/2022 14:27		RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO NÚCLEO DE CERDEDO	15.609,00 €	14.048,10 €	14.048,10	14.048,10	
2022045431	30/06/2022 14:26		RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO NÚCLEO DE ARROTEA ALMOFREI	16.940,00 €	15.246,00 €	15.246,00	15.246,00	
2022044748	27/06/2022 19:12	MEIS	HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SALVADOR	14.520,00 €	13.068,00 €	13.068,00	13.068,00	39.204,00 €
2022044747	27/06/2022 19:10		HUMANIZACIÓN AVENIDA MÉDICO PAZ (TRAMO CAMPO DE FÚTBOL DE MOSTEIRO – FUTURO CENTRO MÉDICO)	14.520,00 €	13.068,00 €	13.068,00	13.068,00	
2022044746	27/06/2022 19:09		HUMANIZACIÓN DOS ACCESOS Á CASA DE PARGA E O NÚCLEO RURAL DE RIAL	14.520,00 €	13.068,00 €	13.068,00	13.068,00	
2022044103	22/06/2022 10:36	PAZOS DE BORBÉN	REFORMA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTIAGO DE CUARTOS DE BORBÉN	9.234,72 €	8.311,25 €	8.311,25	8.311,25	48.806,80 €
2022044095	22/06/2022 10:36		CREACIÓN DUNHA ÁREA DE PRIORIDADE PEONIL CONECTANDO AS DÚAS PRAZAS DO NÚCLEO DE AMOEDO	14.359,07 €	12.923,16 €	12.923,16	12.923,16	
2022044094	22/06/2022 10:36		REFORMA DA CONTORNA DA CAPELA DO CARMEN DE ALVITE EN NESPEREIRA	8.605,52 €	7.744,97 €	7.744,97	7.744,97	
2022044093	22/06/2022 10:34		REFORMA DA CONTORNA DA IGREXA DE SAN PEDRO EN CEPEDA	9.095,57 €	8.186,01 €	8.186,01	8.186,01	
2022044086	22/06/2022 10:20		REFORMA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE PAZOS	12.934,90 €	11.641,41 €	11.641,41	11.641,41	



2022046402	05/07/2022 11:09	REDONDELA	CREACIÓN DUNHA ÁREA DE ESPAZO PÚBLICO NO ENMANTORNO DO CEIP PORTO CABEIRO	11.175,46 €	10.057,91 €	10.057,91	10.057,91	35.807,65 €
2022046399	05/07/2022 11:07		RECUPERACION DE ESPAZO AMABLE NO CENTRO DE SERVIZOS DE CEDEIRA	17.248,79 €	15.523,91 €	15.523,91	15.523,91	
2022046398	05/07/2022 11:06		RECUPERACIÓN DO TORREIRO DO VISO	11.362,03 €	10.226,73 €	10.225,83	10.225,83	
2022046394	05/07/2022 11:01	SALCEDA DE CASELAS	MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO DA RÚA VIGO	18.150,00 €	16.335,00 €	16.335,00	16.335,00	44.975,70 €
2022046385	05/07/2022 10:47		MOB. AMABLE E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO RÚA VICTORIANO PEREZ VIDAL	15.125,00 €	13.612,50 €	13.612,50	13.612,50	
2022046383	05/07/2022 10:43		MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO DO TRAMO FINAL DA RÚA CORUÑA	16.698,00 €	15.028,20 €	15.028,20	15.028,20	
2022046026	04/07/2022 9:38	PORRIÑO	ACOND. DO VIARIO ASFALTADO PARALELO Á VÍA FÉRREA NAS PROXIMIDADES DO PASEO DO LOURO	4.840,00 €	4.355,00 €	4.356,00	4.355,00	50.000,00 €
2022045442	30/6/2022 14:14		HUMANIZACIÓN RÚA ANTONIO PALACIOS. TRAMO RÚA CRUCEIRO-COLEXIO	18.000,00 €	14.940,00 €	16.200,00	14.940,00	
2022045425	30/6/2022 14:14		HUMANIZACIÓN RÚA SAN SEBASTIÁN	15.000,00 €	12.500,00 €	13.500,00	12.500,00	
2022045424	30/6/2022 14:14		HUMANIZACIÓN RÚAS TARELA E NAVUXIL	18.000,00 €	14.940,00 €	16.200,00	14.940,00	
2022045423	30/6/2022 14:11		HUMANIZACIÓN RÚA PARQUE INFANTIL. TRAMO RÚA SALGUEIRA-AV DOMINGO BUENO	3.630,00 €	3.265,00 €	3.267,00	3.265,00	



2022046017	04/7/2022 9:31	MARÍN	HUMANIZACIÓN DAS RÚAS AUGUSTO MIRANDA E SERAFÍN TUBÍO	13.455,20 €	13.455,20 €	12.109,68	12.109,68	28.335,78 €
2022045441	30/6/2022 16:18		SENDA PEONIL NA ESTRADA DE O PAZO, EN ARDÁN	18.029,00 €	18.148,00 €	16.226,10	16.226,10	
2022046414	04/7/2022 9:09	MONDARIZ	PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE MEROUÇES. CONCELLO DE MONDARIZ.	13.552,00 €	12.196,80 €	12.196,80	12.196,80	49.876,20 €
2022046004	04/7/2022 9:09		ACOND. DA CONTORNA DA IGREXA DE SABAXÁNS E DA SENDA AOS PETROGLIFOS DE PE DA MULA	17.787,00 €	16.008,30 €	16.008,30	16.008,30	
2022045995	04/7/2022 9:09		NOVA PRAZA PÚBLICA NO COUTO	11.737,00 €	10.563,30 €	10.563,30	10.563,30	
2022045994	04/7/2022 9:08		ACONDICIONAMENTO DO ACCESO A PONTE DE CERNADELA	12.342,00 €	11.107,80 €	11.107,80	11.107,80	
2022046015	04/7/2022 9:27		SALVATERRA DE MIÑO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL DA RÚA ALTO DA FONTE	11.495,00 €	10.345,50 €	10.345,50	
2022046012	04/7/2022 9:27	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL DA RÚA DA FORÇA		15.125,00 €	13.612,50 €	13.612,50	13.612,50	
2022046009	04/7/2022 9:21	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL DA RÚA MARQUÉS DE VIANA E RÚA SUSO VAAMONDE		17.545,00 €	17.545,00 €	15.790,50	15.790,50	
2022046025	03/7/2022 12:12	SANXENXO	HUMANIZACIÓN DAS RÚAS BARROSA, VIRXE DO CARME E INFANTERÍA DA MARIÑA, EN BALTAR	28.500,00 €	25.650,00 €	25.650,00	25.650,00	25.650,00 €
2022046020	03/7/2022 12:20		HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DO OUTEIRO, DORRÓN	28.500,00 €	25.650,00 €	25.650,00	0,00	
2022045428	30/06/2022 13:27	VALGA	CREACION DE SENDA PEONIL E CICLABLE DENDE O LUGAR DE CASTIÑEIRAS ATA O NUCLEO DE PONTE VALGA	6.100,00 €	5.500,00 €	5.490,00	5.490,00	5.490,00 €



2022046422	04/07/2022 12:46	MOAÑA	PROXECTO PARA MELLORA DE CONEXIÓNS E DA ACCESIBILIDADE ENTRE A MOAÑA BAIXA E A MOAÑA ALTA	74.418,47 €	74.418,47 €	66.976,62	50.000,00	50.000,00 €
2022046415	01/06/2022 9:58	A GUARDA	HUMANIZACIÓN DA RÚA MALTESES, MELLORA DA ACCESIBILIDADE E DA SEGURIDADE VIAL	18.113,70 €	16.302,33 €	16.302,33	16.302,33	32.092,83 €
2022040131	01/06/2022 9:58		MELLORA NA SEGURIDADE INFANTIL NO ENTORNO DO CEIP AS SOLANAS	17.545,00 €	15.790,50 €	15.790,50	15.790,50	
2022046381	05/07/2022 10:42	BUEU	REXENERACIÓN URBANA E HUMANIZACIÓN DAS RÚAS CANCELIÑA E MEÁNS	21.089,50 €	18.980,55 €	18.980,55	18.980,55	18.980,55 €
2022046406	05/07/2022 11:11	MEAÑO	SENDA PEONIL E CICLABLE POR UN TRAMO DA RUA PONTE DENA - ABUIN	36.300,00 €	32.670,00 €	32.670,00	32.670,00	32.670,00 €
2022045440	30/06/2022 14:29	PONTECESURES	REDACCIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN CO TÍTULO: "RE-CONEXIÓN PEONIL, SEGURA E AMABLE DO NÚCLEO URBANO DE PONTECESURES (PRAZUELA E RÚA MIGUÉNS PARRADO)	8.228,00 €	7.405,20 €	7.405,20	7.405,20	23.631,30 €
2022045433	30/06/2022 14:29		"REDACCIÓN DE PROX. EXECUCIÓN "ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA ESTACIÓN TREN PONTECESURES	18.029,00 €	16.226,10 €	16.226,10	16.226,10	
2022046417	01/06/2022 10:12	VILABOIA	SENDEIRO PEONIL E CICLISTA SENDA DO SAL AO CAL	55.500,00 €	49.950,00 €	49.950,00	49.950,00	49.950,00 €



2022046421	05/07/2022 11:28		HUMANIZACIÓN AVENIDA DA MARINA NO ENTORNO DA PRAZA DA PEIXERÍA	18.089,50 €	16.280,55 €	16.280,55	16.280,55	
2022046419	05/07/2022 11:28	VILAGARCIA DE AROUSA	HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RÚA CONDE VALLELLANO	18.089,50 €	16.280,55 €	16.280,55	16.280,55	48.841,65 €
2022046418	05/07/2022 11:28		RECUPERACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA	18.089,50 €	16.280,55 €	16.280,55	16.280,55	
2022045430	30/06/2022 14:25	CANGAS	PEONALIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA EDUARDO VICENTE E AVENIDA DE MONTERO RÍOS, CANGAS	23.927,28 €	21.534,55 €	21.534,55	21.534,55	21.534,55 €
2022046416	04/07/2022 13:39	PONTE CALDELAS	RECUPERACIÓN PEONIL DOS ESPAZOS ENTRE AS PRAZAS DE ESPAÑA E FREI ANTONIO ORGE.	16.819,00 €	15.137,10 €	15.137,10	15.137,10	15.137,10 €
contía total:								754.772,06 €

SEGUNDO.- O acordo da Xunta de Goberno resolvendo o procedemento notificaráselles aos concellos interesados e publicarase no BOPPO. Unha vez publicada a resolución de concesión, entenderase que os concellos aceptan as subvencións cando transcorran dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación, salvo que estes expresamente as rexeiten no prazo de dez (10) días e sen prexuízo da notificación.

24.32359.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q.1+950 ATA O P.Q. 2+150)”.
(Expte.2021007016)

1. O 5 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Tui* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do “*Mellora da seguranza viaria na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro dende o P.Q.1+950 ata o P.Q. 2+150, (Tui)*”, con vixencia, conforme á súa cláusula novena ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	327.770,73 €	70% obras
Concello de Tui	141.830,32 €	30%obras +100% expropiacións



A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega 327.770,73€ con cargo á aplicación 21/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2021.

A achega do *Concello de Tui* (141.830,82 €,) do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións financiouse con cargo a fondos propios.

2. O 29 de xuño de 2022 formalizouse o contrato de obra con cargo á aplicación 22/456 4530 612.02.2021 e unha duración de seis meses. A acta de comprobación do trazado formalizouse o 14 de xullo de 2022 polo que a data prevista de finalización das obras é o 14 de xaneiro de 2023 debendo realizarse a continuación a comprobación do cumprimento e no seu caso recepción das obras e liquidación do contrato.

3. A Deputación tramitou unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000) acolléndose á convocatoria publicada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) o 10 de xuño de 2022.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda está destinada a facilitar o remate e a entrega ao uso público das obras obxecto do convenio e a reformulación do financiamento como consecuencia da concesión da axuda solicitada á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.



Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q. 1+950 ATA O P.Q. 2+150”.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVENËN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dontra parte, Enrique Cabaleiro González, alcalde do Concello de Tui no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 5 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q. 1+950 ATA O P.Q. 2+150” (TUI) E EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

IV.- A Deputación tramitou unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000) e acolléndose á convocatoria publicada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) o 10 de xuño de 2022. Esta solicitude está na actualidade pendente de Resolución definitiva.



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tui para a execución do proxecto “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q. 1+950 ATA O P.Q. 2+150” (TUI) E EXPEDIENTE DE EXPROPLACIÓN ”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 5 de xullo de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar de data sinalados no seu encabezamento.

*A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego*

*O alcalde do Concello de Tui,
Enrique Cabaleiro González,*

*O secretario xeral da Deputación,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Tui*, comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación



25.32360.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALVATERRA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 4006 NO TREITO ANTIGO DO COLEXIO LEIRADO, TENDO O INICIO NO P.Q. 5+900 DA EP 4006” (Expte. 2021006072).

1. O 3 de maio de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Salvaterra formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP 4006 no treito antigo do Colexio Leirado, tendo o inicio no P.Q. 5+900 da EP 4006 (Concello de Salvaterra de Miño)”, por importe de 910.606,14 € e con vixencia, conforme á súa cláusula novena ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	171.301,62 €	80%
Concello de Salvaterra	42.825,40 €	20%

A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega de 171.301,62 € con cargo á aplicación 21/456 4530 612.02.2020.

A achega do Concello de Salvaterra (42.825,40 €) financiou con cargo a subvención do Plan Concellos 2021.

2. A Deputación solicitou o 8 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAER unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está na actualidade pendente de resolución.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda está destinada a facilitar a reformulación do financiamento de concederse a axuda solicitada ao IDAE ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría e da Intervención Xerais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte “ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA MOBILIDADE PEONIL DA EP 4006 NO TREITO ANTIGO DO COLEXIO LEIRADO, TENDO O INICIO NO PQ 5+900 DA EP 4006 (CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO).

En Pontevedra, na data de sinatura dixital

INTERVEÑEN

Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dontra parte, Marta Valcárcel Gómez, alcaldesa do Concello de Salvaterra do Miño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 3 de maio de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Salvaterra do Miño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 4006 no treito antigo do colexio Leirado, tendo o inicio no P.Q. 5+900 da EP 4006 (Concello de Salvaterra de Miño)”.



II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Deputación presentou o 8 de novembro de 2021 no Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000)), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Salvaterra do Miño para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 4006 no treito antigo do Colexio Leirado, tendo o inicio no P.Q. 5+900 da EP 4006 (Concello de Salvaterra de Miño)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 3 de maio de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

A presidenta da Deputación Provincial,
María del Carmen Silva Rego

A alcaldesa do Concello de Salvaterra do Miño,
Marta Valcárcel Gómez

O secretario xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay”

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.



Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación

26.32361.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPOTERMAL 2023” (Expte.2022063051)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 50 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

Neste contesto, convocase o plan de termalismo social “Depotermal”, que ten como finalidade facilitarles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (coma balnearios, talasos ou *spa*), e ao mesmo tempo, pretende ser un plan dinamizador da economía da provincia, impulsando a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Trátase, polo tanto, dun plan cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.

Cabe sinalar que o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, e desenvólvese desde fai máis de 15 anos, chegándose a superar as 4.000 solicitudes cada ano.



2º.- Desde o punto de vista competencial, o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares dan provincia.

Así mesmo, a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define no seu artigo 2 os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. No artigo 63, relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu Capítulo III, desenrola os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade. Recóllese de xeito expreso que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores, favorecendo a socialización, as actividades interxeneracionais e os servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias.

Para que neste plan poidan participar todas as persoas que cumpran os requisitos exixidos nas bases reguladoras, ser maior de 50 anos, ter a condición de pensionista ou precisar dun respiro familiar independentemente da súa situación económica, a deputación subvenciona unha parte do prezo fixado por praza.

3º.- A xestión do programa será realizada por unha empresa externa, por non contar a Deputación de Pontevedra con recursos propios para a súa posta en marcha, atopándose nestes intres o expediente de contratación en tramitación, partindo dun prezo máximo de licitación de 185.470,80€. Partindo do prezo máximo indicado, ofértanse un máximo de 1.000 prazas no programa de asistencia diaria e 2.500 no programa de pernoita, subvencionando o custo da praza partindo dun prezo máximo de 257,14 €/praza no programa diario e 486,58 €/praza no programa de pernoita. Das 1.000 prazas ofertadas no programa de asistencia diaria, 878 subvencionarase ata un máximo de 128,57 €, equivalente a un 50% do custo da praza, en función da renda da persoa beneficiaria, e 122 prazas (reservadas a persoas que carezan de recursos e precisen dun respiro familiar, atendendo ao informe social dos concellos que acrediten documentalmente esta situación), serán subvencionadas ata un máximo de 205,71 €/ praza equivalente a un 80% do custo da praza.



Das 2.500 prazas ofertadas no programa de pernoita, cunha estimación de custo por praza de 486,58 €, 2.378 non serán subvencionadas e 122, (reservadas a persoas que carezan de recursos e precisen dun respiro familiar, atendendo ao informe social dos concellos que acrediten documentalmente esta situación), serán subvencionadas ata un máximo de 389,26 €/praza, equivalente a un 80% do custo da praza.

4º.- O detalle da financiación é o seguinte:

- Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivas, que contará con 1.000 prazas:
 - o 878 prazas subvencionará ata un máximo de 128,57 €, o que supón un total de 112.884,46 €.
 - o 122 prazas, (2 por concello adherido) subvencionará 205,71 €, o que supón un total de 25.096,62 €, para os supostos de persoas en situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a persoa usuaria solicitante.
- Programa termal con pernoita en réxime de pensión completa, de domingo a venres, que contará con 2.500 prazas:
 - o 2.378 prazas: as persoas beneficiarias aboarán a cantidade total resultante do prezo de adxudicación.
 - o 122 prazas (2 por concello adherido): a Deputación subvencionará 389,26 € do custo total do programa, o que supón un total de 47.489,72 €, para os casos de situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a persoa usuaria solicitante.

No caso de que non se cubran as prazas para as persoas en situación de vulnerabilidade en cada modalidade do programa o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

5º.- As entidades colaboradoras do Programa Depotermal, formado por os concellos da provincia de Pontevedra adheridos ao mesmo que quedan obrigados como entidades colaboradoras a rexistrar as solicitudes das persoas empadroadas no formulario web que a institución provincial habilitará para que cubran as e os profesionais responsables dos concellos, segundo o establecido nas bases.

Así mesmo, deberanse determinar as persoas usuarias que se beneficiarán daquelas prazas reservadas para persoas en situación ou risco de exclusión social, o que se acreditará mediante unha valoración social da ou do traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais, de acordo co establecido nas bases reguladoras.



Os concellos poderán darse de baixa ou solicitar a alta para formar parte deste rexistro a través do formulario habilitado a estes efectos, de xeito que este manterase actualizado cada ano.

6º.- Establécese unha contía consignada para este plan no ano 2023, de cento oitenta e cinco mil catrocentos setenta euros con oitenta céntimos (185.470,80 €) , con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

7º.- Respecto ao prazo de presentación de solicitudes, o mesmo comezará dentro dos 5 días seguintes á publicación da convocatoria no BOPPO, cando fixemos a data concreta da súa publicación determinarase o prazo de data a data, (20 días hábiles).

8º.- Con data 25 de novembro de 2022 Intervención informe favorable sobre a tramitación anticipada do expediente para a aprobación das citadas bases, deixando constancia que *“(...) a aplicación orzamentaria proposta 23/231.2311.227.07 considérase correcta para este fin, non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a aprobación destas Bases quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento de 2022, debendo facerse constar esta situación no acordo de aprobación (...)”*.

9º.- Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “DEPOTERMAL” 2023, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Programa “DEPOTERMAL” 2023, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2023.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co CSV): Y7AGHSBDBDF53ULG. Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

27.32362.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

28.32363.-- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

